

Boletín do iLTIUS



Instituto de Investigacións
Linguísticas e Literarias da USC

Linguísticas e Literarias da USC


Linguísticas e Literarias da USC

Actividades científicas

6/11/2025-7/11/2025

O **Grupo Quevedo** (GI-1373, *De la Edad Media al Siglo de Quevedo*) organiza o *Congreso Internacional Las tres musas últimas de Quevedo*, que se celebrará na Sala de Graos da Facultade de Filoloxía os días 6 e 7 de novembro.

Intervirán investigadores de universidades españolas e estranxeiras (Italia, Francia e Estados Unidos), que disertarán sobre unha das partes menos coñecidas e estudadas da lírica quevedesca: a segunda edición póstuma promovida polo seu sobriño, Pedro Aldrete, e publicada en 1670.



Enderezo de contacto: alfonso.rey@usc.es;
mariajose.alonso@usc.es

Máis información e programa completo: <https://aiso-asociacion.org/congreso-internacional-las-tres-musas-ultimas-de-quevedo/>

Publicacións

Wu, R., Parafita Couto, M. C., & Schiller, N. O. (2025). Variation in gender assignment strategies in mixed Spanish–Chinese noun phrases: Insights from a multilingual community in Barcelona. *International Journal of Bilingualism*, 0(0).

<https://doi.org/10.1177/13670069251363811>

Este estudo analiza as estratexias de xénero en sintagmas nominais mixtos español-chinés entre bilingües temperáns destas dúas linguas en Barcelona. Examínase se os falantes bilingües recorren ao masculino por defecto ou empregan o xénero dos equivalentes de tradución ao español en tarefas de produción e comprensión.

Trátase do primeiro estudo que examina a asignación de xénero en sintagmas nominais mixtos español-chinés. O estudo pon de relevo a natureza flexible do procesamento lingüístico bilingüe, mostrando que as estratexias de asignación de xénero poden variar en función das demandas da tarefa, e salienta a importancia de recoller a diversidade de comportamentos bilingües tanto en produción como en comprensión.



Claassen, S. A., Enghels, R., & Parafita Couto, M. C. (2025). Intensification Strategies in English–Spanish Bilingual Speech: Examining Lexical and Morphological Markers in Miami Bilinguals' Discourse. *Languages*, 10(11), 275.

<https://doi.org/10.3390/languages10110275>

Este artigo analiza a variedade lingüística da comunidade bilingüe inglés-español de Miami, centrada na expresión da intensificación, ámbito no que as dúas linguas difiren estruturalmente: o inglés emprega estratexias analíticas (*very beautiful*), mentres que o español recorre a formas sintéticas (*guapísimo*). A partir da análise de tres corpus (un bilingüe e dous monolingües), obsérvase que os falantes de Miami usan máis intensificadores en inglés e prefiren os analíticos. Porén, dentro do español, as formas sintéticas seguen sendo máis frecuentes. Os resultados mostran unha interacción equilibrada entre as gramáticas das dúas linguas e evidencian a influencia mutua derivada do contacto bilingüe.



Parafita Couto, M. Carmen. (2025). Parafita Couto, M. Carmen. (2025). Multilingüismo: factores gramaticais, cognitivos e discursivos. In E. Fernández Rei, M. Guisantes-Alonso & E. Fidalgo-Garra (Eds.), *Identidades e ideoloxías perante a diversidade lingüística* (pp. 175-198). Instituto da Lingua Galega. Consello da Cultura Galega.
<https://doi.org/10.17075/iipdl.2025.006>

A autora fai unha revisión dos factores que condicionan o multilingüismo desde as dimensións gramatical, cognitiva e discursiva. A súa contribución achega unha visión integradora dos procesos que permiten a convivencia de múltiples códigos no discurso e na mente dos suxeitos falantes. Este texto defende a necesidade dunha aproximación holística e multidimensional ao estudo do bilingüismo e multilingüismo, recoñecendo a súa complexidade e a diversidade dos contextos sociolingüísticos. Ademais, cuestiona os modelos lingüísticos baseados na idea do monolingüismo como norma e pro pón reorientar a teoría lingüística para que parta das prácticas reais de falantes bi-/multilingües. Reivindícase así unha visión do multilingüismo como unha capacidade humana natural e unha dimensión fundamental da experiencia sociocultural.




Current insights into code-switching. (Current Issues in Bilingualism)

Editores: Draško Kaščelan (University of Essex), María del Carmen Parafita Couto (Universidade de Santiago de Compostela), Peredur Webb-Davies (Bangor University), Rocío Pérez-Tattam (Swansea University) e Hans Stadthagen-González (Benedictine College)

Data de publicación: en prensa.

Este volume reúne estudos que analizan a variación gramatical e a alternancia de códigos en falantes neurotípicos, así como a mestura lingüística en persoas con condicións do neurodesenvolvemento. Os sete capítulos abordan temas como as prácticas lingüísticas comunitarias, a influencia das persoas coidadoras, as ideoloxías sobre o bilingüismo, o uso comunicativo da alternancia de códigos e a relación entre neurodiversidade e bilingüismo. O volume ofrece unha visión actualizada destas cuestións, amplía as investigacións de Margaret Deuchar e promove o uso de datos abertos para favorecer novos avances neste ámbito.



Outras actividades de interese

12/12/2025

O vindeiro 12 de decembro terán lugar no Departamento de Filoloxía Española de Universidade de Oviedo, as *II Xornadas da Lingua e da Cultura Galega de Asturias. Homenaxe a Dámaso Alonso*.

Estas xornadas, organizadas grazas á colaboración de Universidade de Oviedo e a asociación pola normalización do galego de Asturias, Axuntar, e coordinadas pola Dra. Natalia Jardón Pérez, reunirán a especialistas que analizarán cuestións lingüísticas, xurídicas e educativas respecto do galego do territorio Eo-Navia. O encontro abordará ademais os retos que afronta esta variedade e reivindicará un tratamento rigoroso e respectuoso co seu estándar e cos dereitos lingüísticos da comunidade.

Máis información: <https://axuntar.eu/ii-xornadas-da-lingua-e-cultura-galega-de-asturias/>



Contacto

Enderezo electrónico: iltius.xestion@usc.gal

Páxina web: [Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias da USC \(iLTIUS\)](#)

Formulario de solicitude de difusión, dispoñible [aquí](#).